

ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL (2ª AVALIACIÓN)

HISTORIAS DE VIDA DAS MULLERES DA NOSA CONTORNA

A actividade de expresión oral deste trimestre vai consistir en que cada un ou cada unha de vós relate a historia de vida dalgunha muller da vosa contorna. Pode ser unha persoa da familia, unha veciña ou coñecida...

Pasos para a realización da actividade

1. Pensar nalgunha muller que se dedicara ou se dedique a algún das seguintes profesións, comúns nesta contorna:

- Atadoras de redes.
- Mariscadoras.
- Labregas.
- Queixeiras (Carnota).
- Traballadoras da conserva.
- Taberneiras.
- Costureiras.

2. Realizarlle unha pequena entrevista a esa muller que vos permitirá coñecer a información para elaborar a súa historia de vida, que ten que contar cos seguintes puntos:

- Presentación da muller: nome e apelidos, idade, lugar onde vive e ámbito de traballo.
- Tempo durante o que desenvolveu o dito traballo ou tempo que o leva desenvolvendo (se aínda está en activo).
- Circunstancias que a levaron a desempeñar este labor.
- Breve descrición da súa actividade.
- Problemas aos que se tivo que enfrontar no desempeño do seu traballo.
- Contribución do seu traballo á economía familiar.
- O que máis lle gustaba ou lle gusta e o que menos do labor que desenvolveu ou desenvolve.
- Recoñecemento do seu labor (sentiuse ou séntese valorada socialmente?; recibiu ou recibe beneficio económico?; se o recibiu ou recibe, considérao suficiente?).

3. Teredes que gravar nun audio a historia de vida da muller relatada por vós recollendo todos os puntos anteriores. Pode durar ata un máximo de 4 minutos e non menos de 2. Unha vez que teñades esta actividade rematada, debédesma facer chegar ao seguinte enderezo electrónico: mavipujoal@gmail.com. A data límite para a súa entrega é o 1 de marzo. Por esta mesma vía e no mesmo prazo, terédesme que enviar tamén unha fotografía da persoa elixida desenvolvendo o seu traballo acompañada dunha serie de datos, fixádevos no exemplo que aparece a continuación:



Isabel Piñeiro Miranda

83 anos

Natural de Carril

30 anos dedicada á actividade marisqueira

Por que realizamos esta actividade?

- Porque poñer en valor as profesións e as profesionais que representan as nosas tradicións e a nosa identidade é algo que lles debemos ás veciñas de Muros e arredores, xa que elas contribúen de maneira clave no desenvolvemento desta zona.
- Porque gastamos pouco tempo en falar coa xente que nos pode ensinar moitas cousas interesantes.

- Porque practicar o galego oral é para moitas e moitos un traballo pendente.

Que se vai valorar?

- A entrega do traballo no prazo establecido.
- O cumprimento dos requisitos antes mencionados.
- A elaboración dun discurso oral en galego o máis correcto posible tendo en conta: a adecuación; a progresión temática e a conexión entre os datos que se contén; o uso dun galego sen castelanismos léxicos nin morfosintácticos (hai que evitar emprego de tempos compostos, mala colocación de pronomes...).

Que imos facer con este traballo?

A idea é que pase a formar parte, a modo de colaboración, nun programa de radio que a profesora de 2º da ESO, Olalla Liñares, está a desenvolver co seu alumnado. Ademais, coas fotografías, imos realizar unha exposición o día **8 de marzo, Día Internacional da Muller**.